



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSULTARÍA PARA A OFICINA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DURANTE O ANO 2010.

Con data 2 de agosto de 2010, publicouse no perfil do contratante a Resolución de 23 de xullo de 2010, pola que se acordaba a adxudicación provisional do contrato a favor da entidade EVERIS SPAIN S.L.

A empresa adxudicataria presentou en tempo e forma toda a documentación enunciada na cláusula 10.1 do prego de condicións, e de conformidade coas facultades que me confiren os Estatutos da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación do contrato dos **SERVIZOS DE CONSULTARÍA PARA A OFICINA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DURANTE O ANO 2010**, a favor da empresa EVERIS SPAIN S.L., con CIF B-82387770 polo importe total de CENTO SESENTA E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS euros (162.632,00 €), sendo CENTO CORENTA MIL DOUSCENTOS euros (140.200,00 €) a base imponible e sendo VINTEDOUS MIL CATROCENTOS TRINTA E DOUS euros (22.432,00 €) a cota do imposto sobre o Valor Engadido.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles dende a comunicación da presente Resolución, ao que se lle unirá, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario, un exemplar dos pregos de condicións, xunto cos de prescricións técnicas e un exemplar das instrucións de execución do obxecto contratado, debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Autorizar a devolución ou cancelación de garantía provisional constituída polos licitadores para a súa participación no procedemento de contratación.

Cuarto.- Comunicar aos licitadores non adxudicatarios que a documentación que xuntaban ás súas proposicións se encontra á súa disposición.

Quinto.- Divulgar na páxina web da Fundación (no "Perfil do contratante") a información relativa á adxudicación do contrato a que se refire o artigo 10.3 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de normas reguladoras da transparencia e das boas prácticas da Administración Pública Galega.

Santiago de Compostela, a 24 de agosto de 2010.

**A Xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o
Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia**

Asdo: Covadonga Toca Carús.